

ADAPTACIÓN PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.

CURSO 2019-2020

CENTRO	IES MONELOS
CURSO	4º ESO
MATERIA	TIC
DEPARTAMENTO	TECNOLOGÍA

ÍNDICE

1.- Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

2.- Metodoloxía e actividades do 3º trimestre.

3.- Avaliación e cualificación final do curso.

4.- Información e publicidade.

1.- ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES

1.1.- PRIMEIRO E SEGUNDO TRIMESTRE

Durante o primeiro e segundo trimestres, os alumnos/as foron avaliados segundo os contidos, estándares de aprendizaxe avaliados e adquisición de competencias que figuran na programación da materia, aplicando os procedementos de avaliación descritos.

As cualificacións acadadas nestas avaliacións constitúen o dato máis importante para cualificar a materia neste curso.

1.2.- TERCEIRO TRIMESTRE

O terceiro trimestre desta materia non se impartiu pola suspensión das clases o 13 de Marzo de 2020. A falta de actividade lectiva presencial afecta aos contidos que se poden impartir e asimilar polo alumnado, polo que cómpre acoutar os estándares de aprendizaxe e adquisición de competencias previstas na programación inicial.

Os **estándares de aprendizaxe** que se manteñen son:

- Elabora documentos de texto incluíndo táboas, imaxes, fórmulas e gráficos.
- Produce informes que requiren o emprego de follas de cálculo, incluíndo resultados textuais, numéricos e gráficos.

As **competencias** que se poden seguir adquirindo, definidas por algúns indicadores de logro, son:

- Competencia en comunicación lingüística (CCL)
 - Adquirir e utilizar axeitadamente a linguaxe escrita
 - Elaborar textos coa terminoloxía axeitada.
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)
 - Resolución de problemas baseados na aplicación de expresións matemáticas en follas de cálculo.
- Competencia de “aprender a aprender” (CAA)
 - Traballar con interese nun entorno virtual de ensino, sen a presenza física dun profesor/a.
- Competencia dixital (CD)
 - Manexar a información en distintos formatos: verbal, numérico, simbólico ou gráfico
 - Utilizar as tecnoloxías da información con seguridade e confianza.
 - Localizar, procesar, elaborar, almacenar e presentar información co uso da tecnoloxía.
- Competencia de sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)
 - Persistir na realización de actividades lectivas virtuais.
 - Fomentar o achegamento autónomo e creativo ás ferramentas informáticas

2.- METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE

2.1.- METODOLOXÍA

A partir do 13 de Marzo de 2020, coa suspensión das actividades lectivas presenciais, a metodoloxía reprogramouse e modificouse para ser realizada a distancia. Publicáronse na páxina web do Departamento de Tecnoloxía as instrucións iniciais, así como un correo electrónico de contacto coa profesora.

A través do correo electrónico, creado especificamente para esta materia, o alumnado pregunta dúbidas e recibe as prácticas coas correspondentes instrucións. Nese mesmo correo o alumnado fai as entregas, que se corríxen e devolven para que cada alumno/a coñeza os seus puntos de mellora e realice un correcto seguimento da súa aprendizaxe.

2.2.- MATERIAIS E RECURSOS

Materiais:

- Libro de texto
- Apuntes elaborados pola profesora
- Material audiovisual e de información extraído de Internet, recomendado pola profesora.

Recursos:

- Páxina web do centro.
- Plataforma dixital Quizziz
- Contas de correo e equipos informáticos, de propiedade privada, de alumnado e profesora.

2.3.- ACTIVIDADES

Serán de dous tipos, de recuperación (para casos particulares) e de reforzo - ampliación (para todos os alumnos/as, incluídos os anteriores).

As actividades serán comunicadas ao alumnado mediante correo electrónico.

2.3.1.- ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN DE AVALIACIÓNS ANTERIORES SUSPENSAS

De xeito privado, a profesora indicará actividades de recuperación aos alumnos/as que teñen suspensa a primeira e/ou segunda avaliación.

2.3.2.- ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN DE REFORZO - AMPLIACIÓN

Seguirán o seguinte procedemento:

1. O alumnado recibe, mediante correo electrónico, a proposta práctica que corresponda. Esta proposta inclúe unha explicación teórica na que se detallan as pautas e os pasos a seguir para realizar a práctica de xeito correcto (por exemplo, no caso do uso de procesadores de texto, engádense as rutas de acceso a diferentes utilidades dos mesmos).

2. Todas as prácticas teñen fixada unha data de entrega na que o alumnado debe chegar a resolución á profesora mediante o mesmo correo electrónico recibido. Neste correo deben incluír un arquivo no formato adecuado que conteña a resolución da práctica realizada.
3. A práctica é revisada pola profesora, indicando os puntos de mellora, e devólvese ao alumno para que revise as correccións.
4. O correo electrónico está dispoñible tamén para a resolución de dúbidas.

No caso de actividades de contido teórico (definicións de conceptos ou compoñentes informáticos, por exemplo) emprégase a plataforma dixital Quizizz na que o alumnado ten dispoñible un cuestionario para resolver en liña. Neste tipo de actividades non é necesario que entreguen ningún documento posto que a propia aplicación permite facer o seguimento da realización da actividade por parte do alumnado, aportando un informe dos erros e acertos na resolución do cuestionario.

3.- AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

3.1.- AVALIACIÓN DO 3º TRIMESTRE

A avaliación das actividades realízase valorando o traballo desenvolvido e o nivel de calidade. Teranse en conta os seguintes criterios:

- O interese manifestado polo alumno/a (consulta de dúbidas, realización das correccións necesarias nas actividades...).
 - A realización progresiva das actividades, respectando os prazos de entrega.
 - A corrección dos erros e defectos indicados pola profesora.
- **As actividades do 3º trimestre serán valoradas entre 0 e un máximo de 1,5 puntos, en función dos criterios anteriores.**
 - **Non se valorará negativamente a falta de entrega (total ou parcial) das actividades propostas.**

3.2.- CUALIFICACIÓN FINAL ORDINARIA DO CURSO

A cualificación do alumnado seguirá o seguinte procedemento:

- 1) Obtención da nota media das cualificacións da 1ª e 2ª avaliacións.
A media calcularase valorando previamente as actividades de recuperación realizadas.
Si é precisa unha proba adicional, constará dunha práctica que recolla os contidos dos trimestres pendentes. O alumnado será convocado nunha data e hora concreta para facer a práctica a distancia durante un tempo determinado. Pasado ese tempo terá que entregar a práctica para ser avaliada e cualificada.
- 2) Suma da nota media anterior máis a cualificación do 3º trimestre.

O resultado final nunca será inferior á nota media da 1ª e 2ª avaliación.

3.3.- PROBA EXTRAORDINARIA

Os alumnos/as que non superen a avaliación ordinaria, realizarán unha proba extraordinaria en Setembro.

- A proba abranguerá, exclusivamente, os contidos desenvolvidos no 1º e 2º trimestres, ata o 13 de marzo de 2020.
- Nesta proba non se terá en conta a valoración do 3º trimestre.

4.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

O alumnado e as familias serán informados destas modificacións mediante a publicación na páxina web do centro (páxina do departamento de Tecnoloxía).